

FREO A TANTO DESPROPÓSITO

Nunca un Director desta planta, en tan curto espazo de tempo, ten recibido tantas cartas denunciando as situacións que estamos a vivir os traballadores/as.

Un Director que, a diferenza dos anteriores, baixa case tódolos días ós Talleres para observar e valorar como van os índices de calidade..., accidentes..., produción..., absentismo, etc.... Pero deixando atrás, algo tan sensible coma as demandas sociais, quizais, porque neses paneis, non figuran:

- .- postos que teñen que ser dobrados para poder facelos, debido ás cargas excesivas .*
- .- composicións que non se respectan.*
- .- velocidade das cadeas que se seguen variando nalgunhas zonas.*
- .- e como non...,o ANDON, que por certo está de segundo aniversario. Un sistema alimentado con 13 minutos por quenda da nosa fatiga.*

A C.I.G xa o dixo dende o primeiro momento, que este sistema non perseguía a calidade, se non á recuperación de coches, a costa dun maior esforzo dos traballadores/as. Agora, xa non estamos sós, xa son máis as voces en sinalar que o Andón está corrompido.

¿Onde quedan os argumentos dos que afirmaban que de non ser consumido total, ou parcialmente, remataríamos antes a xornada?. ¿Cantos días sucedeu isto?. Só, e por interese da Dirección, os primeiros días da súa aplicación, para amortiguar as asembleas que facía a C.I.G informando do que se nos viña enriba.

Outro caso que figura no Debe desta Dirección é a entrega dos repartos nos talleres de Ferraxe. En Maio do 2005, (polo tanto tamén de aniversario), nunha reunión da Comisión Paritaria de Tempos e Rendementos, díxose literalmente:

"...en fechas próximas la Empresa estará en condiciones de entregar los repartos en el los talleres de Ferraje...".A día de hoxe o único reparto que conta o traballador/a, é, cando se intenta sancionar, onde si se lle reflexa o número de coches a producir, e os que din que deixou sen facer. Todo un exercicio de "coherencia" na liña do escurantismo para colar novas operacións como neste caso a de "petición de material".

Xa son moitas as notas que se levan escrito, en particular sobre Rendementos e Tempos, tantas como as que dormen nos seus despachos no maior dos silencios.

Dixemos por activa e por pasiva que a Dirección debe dispor dos medios, tanto técnicos como humanos, e poñelos ó servizo dos que lle dan vida ó noso produto, os traballadores/as.

Sendo pois, os maiores interesados en loitar cada xornada por acadar os obxectivos básicos que abren mercados, porque neles vai o noso futuro laboral, non podemos compartir os "éxitos" de algúns licenciados...con master ou doutorados, cando son froito da nosa perda de dereitos...baixada de salarios (pinche)...flexibilidade infinita e cargas de traballo sen límite.

Hai que poñer freo a tanto despropósito, máxime nas circunstancias actuais onde a calidade, froito do traballo ben feito, é fundamental, de aí que, a CARGA ten que ser equilibrada e compartida entre todo o persoal da Planta, dende o propio Director ó último de nos.

Por iso, deben tomar en serio a situación, xa que os traballadores/as non estamos dispostos a seguir soportando o *esgotamento físico, a insatisfacción de non poder facer o posto e por riba que se nos diga que... hay que mejorar*.

Sabemos que en Montaxe vai aumentar os efectivos. Fagan ben os números porque as cifras que se nos facilitaron na Paritaria de Tempos, a nós, non nos cadran coas necesidades reais do taller.

Vigo, 5 de Maio de 2009

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com